

## ADULTOS



### **MARÍA REIMÓNDEZ.** **Dende o Conflito.**

Ed. Xerais.


Premio Xerais de Novela 2014

Novela sobre o xornalismo e a guerra, o abismo entre o norte e o sur, a pobreza, a fame, a miseria e a marxinação.... Sobre o valor da amizade e o amor, os sentimentos....

e as cousas que son realmente importantes na vida.

### **MANUEL NÚÑEZ SINGALA.** **Instrucións para tomar café.** Ed. Galaxia.

Conxunto de relatos nos que o autor indaga sobre nós mesmos, sobre o que nos fai grandes como seres humanos e tamén arredor das nosas mesquindades, sobre o que nos define como persoas e como galegos, e todo isto dende a ironía, cunha perspectiva impregnada de humor e retransca.



### **CARLOS G. REIGOSA** **A vitoria do perdedor**

Ed. Xerais.

É memoria fera e doente dun tempo de posguerra dominado pola terror e a violencia

## PARA VER




### **O Curioso caso de Benjamin Button.**

De David Fincher. 2008

“Nacín en circunstancias inusuais”.... Con estas palabras comeza esta fermosísima película que conta a historia dun home que nace con 80 anos e segundo pasa o tempo vai rexuvenecendo

### **Babel.** De Alejandro González Iñárritu. 2006

Tres rapaces marroquinos saen na busca do rabaño de cabras da familia. No silencio do deserto deciden probar o rifle que levan, sen coñecer o alcance da bala...Unha invitación a pasar do parloteo da civilización moderna e empezar a escoitarnos uns ós outros...



### **O médico.**

De Philipp Stölzi. 2013

Narra a historia dun mozo inglés do s. XI que ó quedar orfo trala morte da súa nai por unha rara enfermidade decide irse a Persia a estudar medicina

# NADAL 2014



**O Equipo de Biblioteca do IES de Monterroso deséxavos a todas/os UN NADAL DE FELICES LECTURAS**





## PRIMEIRO CICLO ESO

### **ANA MARÍA MATUTE.** **El Polizón del Ulises.**

Ed. Anaya

Jujú pasa as tardes no faiado da súa casa, convertido no seu barco, o Ulises, coa señorita Florentina (una pomba) e o seu fiel contramestre (un cadelíño). Abúrrese moito. Pero un día Jujú atopa no seu barco-faiado un polizón, un mariñeiro ferido que foxe das autoridades.



### **LAUREN St JOHN** **La jirafablanca.**

Ed. Salamandra

Narra a entrañable relación entre unha nena e una xirafa, que lle axudará a Martina a descubrir as súas propias cualidades e a vivir una fermosa aventura na sempre fascinante África.

### **MARÍA REIMÓNDEZ** **O monstro das palabras**

Ed. Xerais. Un relato de intriga e aventura, pero tamén unha reflexión sobre o valor do patrimonio da lingua propia (o máis grande tesouro dos pobos) e a necesidade de defendela dos que a atacan.




## SEGUNDO CICLO ESO

### **LEDICIA COSTAS**

**Recinto gris.** Ed. Xerais

Unha metáfora do holocausto nazi e una denuncia dos sistemas totalitarios. Os lobos, amos do mundo, levan a campos de concentración a todas as persoas que non encaixan no seu deseño social porque son diferentes, (enfermos, tolos, persoas albinas, con síndrome de Asperger, como a protagonista da novela). Defensa das persoas que son diferentes.



### **JORDI SIERRA I FABRA.**

**El extraño.** Ed. Anaya


Nun país gobernado por unha ditadura, Daniel e a súa nai, co pai no cárcere, a nai vese obrigada a alugar un cuarto a un forasteiro... Unha novela que trata da vida en tempos de medo e silencio, da infancia como forza vital en momentos amargos, e do poder da fantasía para enfrentarse á falla de liberdade.



### **ANDREA MACEIRAS** **Nubes de evolución.**

Ed. Xerais

Sempre vai frío na estación de autobuses. Ten frío Amanda, a moza limpadora; ten frío Uxío, mozo desacougado tras a perda da moza e o divorcio dos seus pais; Luís, o home do paraugas, profesor de instituto, que agarda polo bus afundido na soidade.....



## BACHARELATO/CICLOS

### **PEMÓN BOUZAS**

**A voz do vento.** Ed. Xerais

Cangas.S. XVII. Reunións de bruxas en lascivos aquelarres nas praias, abusos de poder, sermóns moralizantes dende os púlpitos, ansias xusticieiras en boa parte da sociedade... varias veciñas, acusadas de bruxería son levadas a Santiago de Compostela diante do tribunal da Santa Inquisición, acusadas de bruxería... entre elas María Soliño.



### **ELOY MORENO**

**El bolígrafo de gel verde.**

Ed. Espasa.

*"El bolígrafo de gel verde é o retrato detallado, minucioso, magnífico e angustioso de cómo perder o tiempo e, en consecuencia, perder a vida"*

Pero se de verdade queres saber cal é o argumento desta novela, mira o teu pulso esquerdo, aí está todo.

### **KHALED HOSSEINI** **Cometas en el cielo**

Ed. Salamandra

Amir propónse gañar a competición anual de papaventos da forma que sexa, incluso a costa do seu inseparable Hassan, un *hazara* de clase inferior que é o seu servente e compañeiro de xogos dende a infancia. Amir porá en perigo una amizade forxada ó longo de anos e aprenderá una verdade que o acompañará o resto da súa vida. Amizade, amor, traizón, lealdade, familia.... Un libro desgarrador, unha historia triste. Unha vez que empezas, non podes deixar de ler, *"Por ti faríao mil veces máis"...* (Hassan).

